



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 Muros  
A Coruña  
Tfno.: 981 826 050  
correo@muros.gal  
www.muros.gal

## **SUBVENCÍONS A DIRIXIDAS A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE MUROS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, CON EQUIPOS OU DEPORTISTAS QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO LOCAL, PROVINCIAL OU AUTONÓMICO, E A ENTIDADES, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA NO ANO 2026**

### **Primeiro. Beneficiarios.**

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro con sede no Concello de Muros que contén con equipos ou deportistas que participen en competicións oficiais federadas de ámbito local, provincial ou autonómico, así como as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Muros que desenvolvan actividades de fomento da actividade física e do deporte.

### **Segundo. Obxecto.**

O obxecto desta convocatoria é apoiar a participación de clubs deportivos en competicións oficiais federadas e a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte no Concello de Muros.

### **Terceiro. Bases reguladoras.**

A presente convocatoria rexerese polas Bases Reguladoras xerais aprobadas polo Concello de Muros, dispoñibles na súa páxina web ([www.muros.gal](http://www.muros.gal)) e na sede electrónica do Concello de Muros ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)).

### **Cuarto. Contía.**

O importe total destinado a esta convocatoria ascende a 21.000,00 €. A contía máxima da subvención por entidade será de 3.000,00 €, sen que poida exceder o 80 % dos gastos subvencionables.

### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

### **Sexto. Outros datos de interese.**

As solicitudes deberán presentarse exclusivamente por medios telemáticos a través da sede electrónica do Concello de Muros ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)). O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 30 de novembro do ano en curso. Poderase solicitar o anticipo do pagamento tras a publicación da resolución definitiva.

A documentación requirida e o procedemento de tramitación están detallados nas bases reguladoras publicadas no BOP do luns, 21 de abril de 2025 (BOP número 74).